

**Acta núm. 3/2023.  
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 7 de marzo de 2023.**

**CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:**

Carlos Noya Pereira.  
María Rosa Romero Fariña.  
José Luis Sampedro Bouzas.  
Non asiste: Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 7 de marzo de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 2/2023, DO 07.02.2023.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) RENUNCIAS A COMUNICACIÓNS PREVIAS E LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 4º) LICENZAS OBRA MENOR.
- 5º) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 6º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 2/2023, DO 07.02.2023.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 07.02.2023, acta núm. 02/2023.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Martínez González, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URBANIZACIÓN LEIRA DA PORTA, na que comunica que van limpar os canalóns e clarabois de 6 vivendas da urbanización, sita na Avda. de Santa Minia 22, 24, 26, 28, 30, e 32, Brión.  
A parcela (referencia catastral 6357817NH2465N0001OU) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC1 do PXOM.  
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 74,97 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Martínez González, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO A PONTE, na que comunica que vai cambiar os canalóns do edificio de vivendas sito na Avda. de Noia 7, Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 6947405NH2464N0001DD) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM. A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 42,30 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 106,87 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LUIS MANUEL CASCALLAR CANEDA, na que comunica que vai instalar 12 módulos de placas solares para autoconsumo na cuberta da vivenda de Coruxido 24, Bastavales, segundo memoria técnica asinada pola enxeñeira técnica de Minas e Enerxía Carla Martínez García o 22/12/2022.

A parcela (referencia catastral 7601201NH2470S0001BE) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2, para as áreas non consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 149,34 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 213,91 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO RIVAS DÍAZ, na que comunica que vai instalar 14 módulos de placas solares para autoconsumo na cuberta da vivenda sita en Brans de Abaixo 26, Brión, segundo memoria técnica redactada polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira, asinada en xaneiro de 2023.

A parcela (referencia catastral 7268403NH2476N0001QT) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 246,73 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 311,30 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ricardo Pérez Bellón, que di actuar en representación de PEBEGASA, S.C., na que comunica que vai eliminar a rampla de acceso á fosa de purín do interior do establo situado Pousada, Viceso.

A parcela (referencia catastral 0558406NH2405N0001HY) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-2) do PXOM. A aldea de Pousada está integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM, coa clave identificativa: VE3-VC5, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 32,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 96,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BENIGNO VIDAL BLANCO, na que comunica que vai reparar a cuberta da construción auxiliar anexa á entrada da finca e da vivenda de Mato 3, Luaña.

A parcela (9640603NH1494S0001IZ) onde se van realizar as obras atópase sobre un ámbito de solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Deberá respectar o volume actual e xeometría da cuberta a reparar.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 11,37 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 75,94 euros

g) Deuse conta dunha instancia presentada por Daniel Pintor López, que di actuar en representación de RED ELÉCTRICA DE ESPAÑA S.A., na que comunica que vai realizar obras para instalar liñas aéreas de transporte de enerxía eléctrica de 220 kv, Lousame - Tibo, que afecta aos concellos de Lousame, Rois, Brión, Padrón e Teo. O tramo aéreo que discorre polo Concello de Brión ten unha lonxitude de 2,748 kms., sen afectar os apoios proxectados aos terreos de titularidade municipal, segundo proxecto de execución redactado polo enxeñeiro industrial Ángel Gallego del Monte, que conta con visado colexial de data de 21.11.2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución do 8 de agosto de 2022 da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se ordena a publicación no Diario Oficial de Galicia, do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de agosto de 2022, publicada no DOG nº. 164, de data 30 de agosto de 2022; da declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de data de 22 de febreiro de 2017, publicada no DOG nº. 100, de data de 29 de maio de 2017; da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 30.09.2022 (expediente número 03.G.203.2022.002) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 17.289,12 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 17.353,69 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Francisco Xabier Liñares Túñez, que di actuar en representación de NADIA FONSECA LORENZO, na que comunica que vai construír un peche cunha lonxitude total de 113,50 ml, con zócalo a base de paneis de formigón

prefabricado de 12 cm. de espesor, ata unha altura de 65 cm., rematado por encima cunha solución diáfana, a través de listóns de madeira ata unha altura total de 1,65 m., no lugar de O Cabo 25, Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 7645816NH2474N0001DJ) onde se pretende executar a obra emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche na parte en contacto coa vía pública deberá afastarse 5,50 m. do eixe do vial.
- A base de formigón armado do muro deberá de ir pintada en cor branca.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 122,12 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 186,69 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SOFÍA VEIGA SOTO, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Guitiande 23, Os Ánxeles:

- Substituír o actual peche (lateral e frontal da parcela), a executar con arameira e zócalo de bloque de formigón (2 filas) cunha altura total de 1,60 m.

- Reparar a cuberta da vivenda substituíndo a totalidade da tella en mal estado por tella nova das mesmas características, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación

- Pintar a totalidade das fachadas da vivenda en cor marrón tella.

A parcela (referencia catastral 7450809NH2475S0001EL) na que se pretenden executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1) e sitúase dentro da aldea de Guitiande, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como AE4.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, de data 17.02.2023 (expediente 3096/22) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As fachadas da antiga vivenda deberán de pintarse nunha cor da gama dos brancos ou area branca.

- A parte maciza do peche (bloque de formigón) deberá quedar rematado, enfuscado e pintado nunha cor da gama dos brancos ou area clara.

- Unha vez rematadas as obras, no prazo máximo de 6 meses, achegarase ao Servizo do Patrimonio Cultural, Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, unha memoria final con fotos do estado previo e final.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 60,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 124,57 euros.

### **TERCEIRO.- RENUNCIAS A COMUNICACIÓNS PREVIAS E LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por NOELIA REY FAJÍN, na que comunica ao Concello a renuncia á autorización concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 17.11.2020, para obras de construción dun peche de fábrica de bloque cunha lonxitude de 24 m. lineais, nas parcelas con referencia catastral 75409108MH2474N0001FJ e 5409109MH2474N0001MJ, situadas no Cabo, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido polo arquitecto municipal no que se sinala que existe outra comunicación previa autorizada pola Xunta de Goberno Local de data

07.06.2022 a nome de Agustín Miramontes Curros, para un peche de características similares nas mesmas parcelas, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 17.11.2020.

2º) Anular a liquidación aprobada do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) devengado neste expediente, por importe de: 37,30 euros.

3º) Manter a liquidación aprobada da taxa de tramitación de licenzas urbanísticas por importe de 64,57 euros.

4º) Notificar o presente acordo á interesada.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Natalia Baameiro Joao, que di actuar en representación de CARLOS CARDAMA BAAMEIRO, na que comunica ao Concello a renuncia á autorización concedida pola Xunta de Goberno Local de data 19.10.2021 para obras de conservación dun peche de formigón en Soigrex 44 – Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido polo arquitecto municipal, no que sinala que as obras de conservación do peche para as que se concedeu autorización foron executadas, por unanimidade, acorda:

1º) Desestimar a solicitude de renuncia á autorización concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 19.10.2021, para obras de conservación dun peche sito en Soigrex 44, Os Ánxeles, presentada por Carlos Cardama Baameiro.

2º) Manter as liquidacións aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 19.10.2021:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 161,50 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros, xa ingresada na tesourería municipal do Concello de Brión.

3º) Notificar o presente acordo ao interesado.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Calo Abelleira, que di actuar en representación de ROCÍO NIMO SUÁREZ, na que comunica ao Concello a renuncia á licenza de segregación concedida pola Xunta de Goberno Local con data 05.08.2020, para segregar unha parcela sita no lugar de A Graña, Cornanda, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Calo Abelleira, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 09/07/2020 (expediente 20200442).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 05.08.2020, para segregar unha parcela sita no lugar de A Graña, Cornanda, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Calo Abelleira, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 09/07/2020 (expediente 20200442).

2º) Notificar o presente acordo á interesada.

#### **CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico

á vivenda de Ombre 4, Viceso (referencia catastral 0373803NH2407S0001BW). Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá de 35 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña o 10.01.2023. A Xunta de Goberno Local, á vista da comunicación de declaración responsable de Augas de Galicia, de data 26.01.2023 (expediente DH.W15.90096) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 522,67 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 104,53 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 169,10 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda de Cabanas 24, Os Ánxeles (referencia catastral 5136610NH2453N0001RG). Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 18 metros, sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 05.01.2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 343,04 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 68,61 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 133,18 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha instalación de uso agrícola emprazada no lugar de Soigrex, Os Ánxeles (referencia catastral 6843805NH2464S0001JZ). Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá de 8 metros de lonxitude, 0,20 metros de ancho e 0,80 metros de profundidade, no vial de titularidade autonómico AC-300, ao seu paso por Soigrex, Os Ánxeles, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Coruña o 16/11/2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista da comunicación do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (expediente IF204A/AC/2022/1400) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 114,31 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 22,86 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 87,43 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Pablo Antonio Prado Cadavid, que di actuar en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU, na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada para canalización de rede de fibra óptica nas aldeas de Valiño e Reboredo Grande - Bastavales, instalando 3 postes de fibra de vidro na vía pública, abrindo unha zanja de 970 metros de lonxitude en todo o seu percorrido, segundo o informe técnico asinado polo enxeñeiro civil Antonio José Fernández Soriano.

O ámbito polo que discorre a instalación ten dúas clasificacións urbanísticas, parte solo de núcleo rural, e parte solo rústico, e situase na aldea de Reboredo Grande que está incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, coa clave identificativa XBE32 (núcleo de interese medio).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural de data 03.02.2023 (expediente 2996/22), da autorización de Augas de Galicia de data 19.10.2022 (clave DH.W15.87143) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 6.331,17€, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

#### **QUINTO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Óscar Luís Rodríguez Ramos, que di actuar en representación de ÁLVARO ZARAUZA BEIRAS e MARÍA ORGALES LÓPEZ, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Cirro 35, San Salvador.

Con data 26.01.2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para construír unha vivenda unifamiliar, en Cirro 35, San Salvador, segundo o proxecto de execución redactado polo arquitecto Óscar Luís Rodríguez Ramos, visado o 29.12.2020 polo Colexio Oficial de

Arquitectos de Galicia, e documentación complementaria visada o 05.01.2021 (expediente 2006404).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Oscar Luís Rodríguez Ramos o 24.11.2022, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos o 07.12.2022, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 200,00 euros.

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 296,85 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por NADIA FONSECA LORENZO e PABLO DE JESÚS ENRIQUE, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en O Cabo 25, Os Ánxeles.

Con data 22.06.2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para construír unha vivenda unifamiliar, en O Cabo 25, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución asinado pola sociedade Salgado e Liñares, S.L.P, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09.11.2020.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e do certificado final de dirección de obra asinado polos arquitectos Salgado e Liñares SLP, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.07.2022, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

#### **SIXTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Juan Antonio Millán Figueirido, que di actuar en representación de IRENE LÓPEZ SAMPEDRO e JOSÉ VICENTE CASTRO PUGA, solicitando licenza para construír unha edificación auxiliar destinada a almacén, en San Salvador 36, San Salvador, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Juan Antonio Millán Figueirido, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos con data 18.01.2023 (expediente 2106668).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7522903NH2475S0001AL) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Juan Antonio Millán Figueirido, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos con data 18.01.2023 (expediente 2106668).

.- En relación coas obrigas sinaladas no artigo 20 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, o espazo de cesión materialízase na licenza concedida para a construción da vivenda unifamiliar, outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 20.05.2020.

.- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.



- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 296,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 392,03 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Brenlla Romarís, que di actuar en representación de MANUELA NEO SOÑORA, na que solicita licenza para realizar as seguintes obras en Mato 8, Luaña, segundo proxecto técnico redactado pola arquitecta técnica Ana María Brenlla Romarís, visado no Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos da Coruña o 05.12.2022 e documentación complementaria visada o 22.12.2022:

.- Na cuberta do alpendre substituirase o entramado estrutural de madeira por unha solución construtiva conformada por vigas prefabricadas de formigón armado de 16 cm. de canto, e posterior execución de cobertura, a base de pranchas de fibrocemento e tella cerámica curva de cor roxa.

.-Na vivenda substituirase o entramado estrutural de madeira por unha solución construtiva conformada con estrutura metálica, a base de perfís IPN 160/180 de aceiro laminado e posterior execución de cobertura, a base de pranchas de fibrocemento e tella cerámica curva de cor roxa.

A parcela (referencia catastral 9640106NH1494S0001GZ) onde se pretenden executar as obras, sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto técnico redactado pola arquitecta técnica Ana María Brenlla Romarís, visado no Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos da Coruña o 05.12.2022 e documentación complementaria visada o 22.12.2022.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación á interesada do outorgamento da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisión de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 320,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 416,03 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por ÓSCAR MONTES NOVOA, na que solicita licenza para construír un muro de contención e rehabilitar un hórreo en Bastavaliños 28, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto José Manuel Fernández Barreira, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25/04/2022.

A parcela (referencia catastral 7520330NH2472S0001QF) onde se pretenden executar as obras, sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1, e sitúase dentro da aldea de Bastavaliños, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave XBE-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 11.11.2022 (expediente 1928/22), e dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto José Manuel Fernández Barreira, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25/04/2022.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en

calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

.- Os escombros e provisión de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

.- Deberá cumprir as condicións impostas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 11.11.2022 (expediente 1928/22):

1. Con respecto ao muro de contención, a varanda será cun deseño sinxelo.
2. En relación ao hórreo:

- Aproveitarase toda a madeira posible, empregando as técnicas e métodos tradicionais. Excepcionalmente poderanse substituír elementos irrecuperables polo seu estado. Os elementos estruturais que o necesiten, poderanse reforzar mediante prótese ou con incremento da sección. Tanto no caso da substitución como no caso do reforzo estrutural, haberá de empregarse o mesmo tipo de madeira que nas pezas orixinais.

- A intervención na madeira, reducirase a unha limpeza da mesma empregando cepillo de arames ata eliminar a sucidade e permitir a impregnación dos produtos protectores, sen eliminar na medida do posible o efecto do paso do tempo.

- Protexerase a madeira cun produto insecticida e funxicida. A pintura e a súa cor será como a existente na zona, e as súas características permitirán a transpiración da madeira polo que se empregará pintura de poro aberto (lasures). Non se empregarán nin vernices nin pinturas plásticas, aportándose proba mediante ficha técnica da pintura e a súa porosidade.

- A tella recupérase na medida do posible, e a súa renovación farase co xeito tradicional empregado neste tipo de construción.

- A limpeza da pedra será un tratamento moi lixeiro. Farase manualmente con cepillo de cerdas vexetais, empregando auga e xabón neutro, respectado as pátinas existentes e sen eliminar os liques alaranxados.

- Non se empregarán herbicidas sobre as pedras, nin outras substancias químicas que poidan danalas.

- Non se poderá colocar placa de fibrocemento baixo a tella, debendo obterse a necesaria impermeabilización da cuberta mediante sistemas construtivos tradicionais ou a disposición dunha lamina sobre o entaboadado.

3. En aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención e no prazo máximo de seis meses, deberá achegar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural unha memoria que contará, polo menos, cunha descrición pormenorizada da intervención realizada, con especificación dos tratamentos e produtos empregados, así como a documentación gráfica de todo o proceso e o estudo comparativo do estado inicial e final (que incluírá fotos) e será redactada por profesional cualificado.

.- Deberá deixar a cuneta do camiño, e que da fronte ao muro de contención, en perfectas condicións de estabilidade, a fin de que discorran libremente as augas de pluviais.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 392,47 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 488,50 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Rosa María Facal Varela, que di actuar en representación de MARÍA LOURDES SUÁREZ FREIRE, na que solicita licenza para renovación da cuberta, fachadas e instalación de calefacción na vivenda de Pazos 10, Ons, segundo proxecto técnico redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13/02/2023.

A parcela (referencia catastral 1492901NH2419S0001UI) onde se pretenden executar as obras, sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM, e sitúase dentro da aldea de Pazos, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave OE2.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 27/01/2023 (expte. 3635/22), e dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarse estritamente ao proxecto técnico redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13/02/2023.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación á interesada do outorgamento da licenza.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

.- Os escombros e provisión de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos

de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

.- Deberá cumprir as condicións impostas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 27/01/2023 (expte. 3635/22):

-. Recomendase que a nova carpintería sexa de madeira. A carpintería de aluminio ou de PVC so resulta admisible se as dimensións (sección) das pezas que a conforman non superan ás dunha carpintería de madeira, e, en consecuencia non supoñen unha redución da zona vidrada.

-. A posición da carpintería no cerramento será a que ocupaba a carpintería orixinal da vivenda.  
-. O sistema de escurecemento será tradicional.

-. En aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención e no prazo máximo de seis meses, deberá achegar á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, unha reportaxe fotográfica a cor na que se visualice claramente as obras executadas.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 490,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 586,03 euros.

e) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de JULIÁN RIVEIRO RODRÍGUEZ e MARTA RIVEIRO CASAIS, na que solicita licenza para construír unha vivenda unifamiliar e piscina en O Outeiro 45, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18/08/2022 (expediente 2204765) e documentación complementaria achegada con data 07/02/2023.

A parcela (referencia catastral 8242701NH2484S0001MY) onde se pretenden executar as obras, sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18/08/2022 (expediente 2204765) e documentación complementaria achegada con data 07/02/2023.

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (aceptado pola Xunta de Goberno Local do 05.10.2021, modificado pola Xunta de Goberno Local de data 22.03.2022), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cms. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado ( artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.960,47 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 269,73 euros.

Total: 4.230,20 euros.

f) Deuse conta dunha instancia presentada por SANTIAGO CAMPOS LÓPEZ, na que solicita licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Reboredo Pequeno 8, San Salvador, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 28/12/2022 (expediente 2206202) e documentación complementaria visada o 14/02/2023.

A parcela (referencia catastral 6226315NH2462N0001UW) onde se pretenden executar as obras, sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 28/12/2022 (expediente 2206202) e documentación complementaria visada o 14/02/2023.

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (55,49 m2, coincidente coa superficie de

cesión aceptada pola Xunta de Goberno Local do 17.01.2019), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cms. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado ( artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.988,12 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.084,15 euros.

### **SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,26 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González